



POLÍTICA DE CALIDADE

Colexio Salesiano "San Xoán Bosco"

O noso Colexio pon aos alumnos e alumnas no centro da súa acción educativa buscando a formación da persoa seguindo as ensinanzas de Don Bosco: axudarlles a ser "honrados cidadáns e bos cristiáns".

Somos educadores e educadoras, comprometidos no desenvolvemento dos **valores propios do noso patrimonio educativo**:

- ◆ Acollida incondicional da persoa.
- ◆ A confianza nos mozos.
- ◆ A atención preferencial polos máis necesitados.
- ◆ A personalización das relacións.
- ◆ O respecto á vida.
- ◆ O traballo coma fonte de educación.
- ◆ A construción dun mundo máis solidario, xusto e pacífico.
- ◆ A apertura a Deus.

Comprendemos que a visión de futuro esixe un compromiso decidido de:

- ◆ Estimular **unha formación humana, profesional, cristiá e salesiana entre os educadores**, aberta ás novas sensibilidades e necesidades da xente moza de hoxe en día.
- ◆ Favorecer o sentido de **corresponsabilidade na misión educativa**.
- ◆ Responder aos novos desafíos que presenta o mundo xuvenil, potenciando o **traballo en equipo** e de forma coordinada dende as distintas plataformas educativas.
- ◆ Educar aos nenos e nenas, adolescentes e mozos **para a participación na vida social** con sentido de responsabilidade.
- ◆ Favorecer no colexio **a interculturalidade e o sentido de pertenza a Europa** co fin de construír unha nova cidadanía activa, pacífica e democrática.
- ◆ Potenciar a **identidade cristiá e salesiana do noso centro** dende unha cultura aberta aos valores evanxélicos e á educación da fe.

Para responder a todas estas expectativas, o Colexio conta con:

- ◆ **O Sistema Preventivo** coma estilo educativo propio.
- ◆ **Unha metodoloxía aberta e flexible**, que promove aprendizaxes significativas integrando en cada intre os avances pedagóxicos a través da formación permanente do profesorado.
- ◆ **Sentido de familia**, onde todos os integrantes da Comunidade Educativa se encontran "como na casa".
- ◆ **Escola a tempo pleno**, máis aló do estrictamente académico.
- ◆ **Un sistema de avaliación continua e atención á diversidade** que garante, en cada intre do proceso educativo, a adecuación da nosa acción ás necesidades dos destinatarios.
- ◆ **Unha educación en valores e un servizo de orientación e titoría** que posibilita a maduración persoal e a realización do proxecto de vida de cada alumno e alumna.
- ◆ **Unha relación aberta e receptiva coas familias**, baseada na información, a comunicación e a colaboración.
- ◆ **Un equipo humano** altamente capacitado no profesional, comprometido coa educación e identificado co Proxecto Educativo.
- ◆ **Unha ampla oferta de actividades** buscando a formación integral dos nosos alumnos e alumnas.
- ◆ **Un constante afán de mellora e renovación**.

Para todo iso, a Dirección do Centro asegura o cumprimento de todos os requisitos regulamentarios necesarios para o desenvolvemento da nosa actividade.

A Coruña, setembro de 2005

O Director Titular